



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

ANUNCIO

Por Decreto Nº 009/2014, emitido polo Alcalde- presidente do Concello de Cuntis D. Antonio Pena Abal, resolveuse aprobar a convocatoria para a selección de 3 postos de traballo: 1 técnico/a superior (Licenciado/a en Psicoloxía ou Pedagogía), e 2 monitores/as especialistas titulados/as en Bacharelato ou similar, con formación específica en drogodependencias e outras condutas adictivas.

As bases que rexerán dito proceso selectivo son as que seguen:

PRIMEIRA: CARACTERÍSTICAS DA CONTRATACIÓN.

OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Contratación de persoal especializado para executar "Proxecto de Prevención das Drogodependencias e Condutas Adictivas No Eido Local" para os Concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas. Ten por obxecto a presente convocatoria a contratación, en réxime laboral de duración determinada,

A) De unha/un profesional con titulación superior, preferentemente licenciado/a en Psicoloxía ou Pedagogía, con formación específica en drogodependencias e outras condutas adictivas, que actuará como coordinador/a do Servizo de prevención de condutas adictivas dos concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas e como representante técnico/a do Proxecto ante a Consellería de Sanidade.

Será o Concello de Cuntis quen realice a contratación, mediante contrato laboral de duración determinada. Realizarase mediante un contrato laboral temporal a tempo completo, para obra ou servizo determinado, con un salario bruto mensual de 2.143,73 euros, vinculado á subvención concedida pola Consellería de Sanidade. O contrato estará en vigor ata o 31 de marzo de 2014.

O horario laboral será de 37,5 horas semanais, a repartir entre os concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas. A distribución e número das horas de traballo están suxeitas as modificacións que durante o prazo do contrato poidan xurdir por necesidades organizativas dos Concellos.

Dito Servizo de prevención terá a súa sede no Centro de Formación Ocupacional de A Ran, en Cuntis desprazándose aos outros concellos segundo as necesidades, polo que é imprescindible estar en posesión do carnet de conducir clase B e dispoñer de vehículo propio.

B) De 2 monitores/as especialistas en drogodependencias e outras condutas adictivas, que actuarán como persoal de apoio no Servizo de prevención de condutas adictivas dos concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas.

Será o Concello de Cuntis quen realice a contratación, mediante contrato laboral de duración determinada. Realizarase mediante un contrato laboral temporal a tempo parcial, para obra ou servizo determinado, con un salario bruto de 748,68 euros, vinculado á subvención concedida pola Consellería de Sanidade. O contrato estará en vigor ata o 31 de marzo de 2014.

O horario laboral será de 20 horas semanais, a repartir entre os concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas. A distribución e número das horas de traballo están suxeitas as modificacións que durante o prazo do contrato poidan xurdir por necesidades organizativas dos Concellos.

Dito Servizo de prevención terá a súa sede no Centro de Formación Ocupacional de A Ran, en Cuntis desprazándose aos outros concellos segundo as necesidades, polo que é imprescindible estar en



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

posesión do carné de conducir clase B e dispoñer de vehículo propio.

SEGUNDA: REQUISITOS PARA CONCORRIR Á CONVOCATORIA.

CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.-

1.- Estar en posesión da seguinte titulación:

A) Para o posto de Técnico ou Técnica superior para as funcións de coordinación do Servizo de prevención de condutas adictivas: Licenciado/a en Psicoloxía ou Licenciado/a en Pedagogía (especialidade social).

B) Para os postos de monitores ou monitoras especialistas en trastornos adictivos: Estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.

2.- As/os aspirantes para as tres prazas que se convocan deberán reunir todas e cada unha das condicións seguintes:

- a) Ter nacionalidade española. Polo que se refire ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados estarase ao disposto no artigo 57 da lei 7/07 de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non superar os límites a efectos de xubilación na lexislación aplicable.
- b) Estar en posesión da titulación mínima esixida para a que se solicite a participación.
- c) Estar en posesión do permiso de conducir.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade con arranxo á lexislación vixente.

Os requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN ESIXIBLE, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Os/as aspirantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) A solicitude de participación no proceso selectivo, conforme os modelos normalizados que figuran nos Anexos I e II das presentes Bases, segundo o posto de traballo ao que aspiren, onde manifesten que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base anterior, referidas á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes. Este modelo de documento será o único válido para solicita-la participación na proba selectiva.

b) Currículo Vitae unicamente referidos os méritos puntuables nesta convocatoria, xunto coa documentación acreditativa dos mesmos. Só se valorarán os méritos alegados no currículo e acompañados de xustificación documental (fotocopia acreditativa dos méritos alegados).

2.- O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO DÍAS HÁBILES, contados a partir do seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria. O anuncio da convocatoria das prazas realizarase mediante anuncio nun xornal de implantación na provincia. Así mesmo a convocatoria, xuntamente coas bases estará exposta no Taboleiro de Anuncios dos correspondentes concellos.



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

3.- As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Cuntis, sito na Praza da Constitución nº 4, dentro do horario de atención ó público.

Terán os mesmos efectos que a entrada no citado Rexistro, a remisión por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común. Cando a solicitude non se faga directamente no Concello de Cuntis, deberá anunciarse a súa chegada mediante fax (986533995) antes da data límite de remate de solicitudes.

A solicitude irá acompañada de fotocopia autenticada do D.N.I, do carné de conducir, de fotocopia compulsada ou orixinal dos títulos definidos na base SEGUNDA- 1, A e B, así como o currículo vitae, o certificado médico que acredite os extremos sinalados na base segunda- 2, a vida laboral, e declaración xurada ou promesa de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, e declaración de dispor de automóbil en condicións de polo ó servizo da función a desenvolver. Así mesmo, presentarase copia simple da documentación acreditativa dos méritos alegados no concurso.

As copias simples xustificativas de méritos puntuables serán compulsadas unha vez superado o proceso selectivo comprobándose, xunto co resto de requisitos da convocatoria, a veracidade dos mesmos, sendo eliminados do proceso selectivo, aínda cando exista proposta do Tribunal, no caso de non existir correspondencia cos orixinais. Non obstante, o Tribunal queda facultado para solicitar os aspirantes a compulsa dos documentos, con carácter previo á súa valoración, durante o proceso selectivo.

CUARTA: ADMISION DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, O Alcalde de Cuntis ditará resolución provisional, que será publicada no taboleiro de edictos dos Concellos, establecendo a relación de aspirantes incluídos e excluídos no proceso coa indicación das causas de exclusión e a concesión dun prazo de tres días naturais para a subsanación de deficiencias. Dita resolución incluírá a composición do tribunal así como o lugar, día e hora de constitución do tribunal, e de desenvolvemento do proceso selectivo.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que será publicada de igual forma a provisional. No caso de non presentarse reclamacións, a resolución provisional revenderá en definitiva.

Así mesmo, os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios dos Concellos e na páxina web do concello de Cuntis (www.cuntis.es).

QUINTA: COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal cualificador estará composto da seguinte maneira:

- Presidente/a: Un funcionario ou funcionaria do Concello que se designe para tal fin.
- Secretario/a: Un funcionario ou funcionaria do Concello de Cuntis que actuará con voz, pero sen voto.
- Tres vocais: Designados pola Alcaldía entre o Persoal laboral pertencente á plantilla de persoal do Concello de Cuntis.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse cando concorran algunha das causas previstas no artigo 29 da Lei 30/92, podendo os aspirantes, recusar ós membros do mesmo cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da citada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Será causa de abstención e recusación dos membros do Tribunal as establecidas nos artigos 28 e



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución, nº 4
Teléfono: 986 548 005

29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

SEXTA: ESTRUCTURA E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

O procedemento selectivo será o concurso de méritos, que constará de dúas fases:

1ª fase: Proba práctica, que será un exame tipo test e constará de 15 preguntas de resposta múltiple. O tempo que se dará para a realización desta proba é de 20 minutos.

A finalidade desta proba é a de valorar, ademais da formación e experiencia das persoas candidatas, o seu coñecemento en materia de prevención de drogodependencias e outros trastornos adictivos, dos programas municipais e autonómicos que se están desenvolvendo neste campo, así como saber se dispoñen de información básica acerca do territorio onde se vai desenvolver o programa.

O contido desta proba práctica, será distinto segundo o tipo de praza convocada, axeitándoo aos coñecementos que se requiren para cada posto.

A proba práctica será elaborada e custodiada, ata o día da súa realización, polo persoal técnico competente na materia, do Concello de Cuntis.

Esta fase é eliminatória. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto, e é necesario acadar como mínimo 8 puntos para pasar á segunda fase.

2ª fase: Valoración de méritos.

As persoas que superen a fase de exame, pasarán á segunda fase que é a valoración dos méritos alegados no curriculum vitae. Valoraranse o seguinte:

A) Para o posto de Técnico ou Técnica superior para as funcións de coordinación do Servizo de prevención de condutas adictivas:

1.- Aptitude profesional:

- * Titulación superior (Licenciatura en Psicoloxía ou Pedagogía)Imprescindible.
- * Outras titulacións superiores relacionadas (que non sexa a titulación principal)0,50 puntos.
- * Ter realizado algún Máster directamente relacionado co posto de traballo a desempeñar 1 punto.
- * Estar en posesión do Título de Doutor ou Doutora na titulación que se pide1 punto.

2.- Experiencia profesional (ata un máximo de 7 puntos):

- * Por servizos prestados na Administración Local en igual posto, acreditados mediante a presentación do correspondente contrato0,20 puntos por mes traballado.
- * Por servizos prestados noutras Administración públicas para posto similar acreditados mediante a presentación do correspondente contrato0,10 puntos por mes traballado.
- * Por servizos prestados en entidades privadas para posto similar acreditados mediante a presentación do correspondente contrato0,05 puntos por mes traballado.
- * Por actividades formativas como:
 - Impartición de cursos, xornadas, etc., en materia de promoción da saúde e prevención das drogodependencias, acreditados mediante certificación do organismo oficial correspondente 0,05 puntos por cada 3 horas de actividade, en actividades de 3 horas ou máis.
 - Participación como ponente en congresos, simposios, etc., en materia de promoción da saúde e prevención das drogodependencias, acreditados mediante certificación do organismo oficial correspondente 0,05 puntos por cada actividade.

3.- Formación complementaria axeitada ao posto (ata un máximo de 5 puntos)



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

a) Cursos de formación relacionados directamente coas funcións do posto que se vai a desempeñar, valoraranse da seguinte forma:

* Por cursos de máis de 20 horas de duración.....0,20 puntos por cada 20 horas de curso
Os cursos de menos de 20 horas non se valoran.

b) Coñecemento do galego:

Certificado de CELGA 1.....0,1 puntos
Certificado de CELGA 20,2 puntos
Certificado de CELGA 30,3 puntos
Certificado de CELGA 40,4 puntos
Outros cursos de especialización de Galego.....0,5 puntos
Certificado de CELGA 5.....0,6 puntos

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Os servizos prestados acreditaranse mediante a presentación de certificacións das Administracións correspondentes nas que se indique o tempo e posto de traballo desempeñado.

Os máster e cursos acreditaranse mediante a presentación de certificacións ou diplomas xustificativos da súa realización.

B) Para os postos de monitores ou monitoras especialistas en trastornos adictivos

1.- Aptitude profesional:

* Título de Bacharelato ou similar.....Imprescindible.

* Outras titulacións superiores relacionadas.....0,50 puntos.

2.- Experiencia profesional (ata un máximo de 7 puntos):

* Por servizos prestados na Administración Local en programas de promoción da saúde e prevención de drogodependencias,0,20 puntos por mes traballado.

* Por servizos prestados noutras Administración públicas para posto similar acreditados mediante a presentación do correspondente contrato.....0,10 puntos por mes traballado.

* Por servizos prestados en entidades privadas para posto similar acreditados mediante a presentación do correspondente contrato0,05 puntos por mes traballado.

3.- Formación complementaria axeitada ao posto (ata un máximo de 5 puntos)

a) Cursos de formación relacionados directamente coas funcións do posto que se vai a desempeñar, valoraranse da seguinte forma:

* Por cursos de máis de 20 horas de duración.....0,20 puntos, por cada 20 horas de curso.
Os cursos de menos de 20 horas non se valoran.

b) Coñecemento do galego:

Certificado de CELGA 1.....0,1 puntos
Certificado de CELGA 20,2 puntos
Certificado de CELGA 30,3 puntos
Certificado de CELGA 40,4 puntos
Outros cursos de especialización de Galego.....0,5 puntos
Certificado de CELGA 5.....0,6 puntos

Puntuarase só o superior alegado e xustificado como mérito.

Os servizos prestados acreditaranse mediante a presentación de certificacións das Administracións correspondentes nas que se indique o tempo e posto de traballo desempeñado.

Os máster e cursos acreditaranse mediante a presentación de certificacións ou diplomas xustificativos da súa realización.

Concluída a fase de selección, o Tribunal fará público no taboleiro de anuncios, a cualificación da mesma e a final por orden de puntuación e elevará esta ao Alcalde- presidente



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

SÉPTIMA: CONTRATACIÓN.

O Tribunal cualificador elevará proposta de contratación ao Alcalde- presidente do Concello a favor do/a aspirante que obtívese a puntuación máis alta. Aprobada por decreto de Alcaldía a proposta do Tribunal, notificarase ás persoas interesadas para que asinen o contrato laboral.

Os/as traballadores/as finalmente contratados/as prestaran os seus servizos segundo o contrato correspondente, sen que en ningún caso adquiran ningún dereito a incluírse no persoal fixo de plantilla.

Os aspirantes propostos polo Tribunal deberán presentar na Secretaría da Corporación dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes ó que se faga pública a cualificación final a que se refire a Base anterior, a seguinte documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos:

- 1.Documento Nacional de Identidade.
- 2.Orixinais dos méritos alegados para a súa compulsa, se non o estivesen previamente.
- 3.Declaración sobre incompatibilidade e incapacidade para contratar.
- 4.No caso de haber traballado anteriormente, cartilla de afiliación á Seguridade Social.

Quen dentro do dito prazo ou, do da prórroga de outros dez (10) días naturais solicitada e concedida por causa de forza maior, non presentasen a documentación, quedarán automaticamente decaídos no seu dereito, non podendo ser contratados.

OITAVA: CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE SUSTITUTOS.

Por orde de puntuación designaranse 2 suplentes que pasarán a formar parte dunha bolsa de substitución. En caso de empate terán preferencia as/os aspirantes que obtiveran maior puntuación na fase de valoración de méritos.

No suposto de que a persoa aspirante a face-la substitución non se poña en contacto co Concello nun prazo máximo de 48 horas, despois de recibir a pertinente comunicación, a Alcaldía poderá acorda-lo chamamento ó seguinte aspirante da lista, quedando eliminado/a o/a primeiro/a aspirante.

NOVENA: CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES.

As Bases da presente convocatoria vinculan á Administración, a quen participen na convocatoria e ó Tribunal Cualificador, facultado para resolver tódalas dúbidas que poidan plantexarse no desenvolvemento das probas

DÉCIMA: RECURSOS E IMPUGNACIÓN.

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas poderán se impugnadas polos interesados nos casos e na forma prevista na vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Cuntis, a 10 de xaneiro de 2014.

A ALCALDESA EN FUNCIÓNS,

Sonia Miranda Guerra





CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA (A)

CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIMEN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO COMPLETO DE UN/UNHA TÉCNICO/A SUPERIOR EXPERTO/A EN PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS PARA OS CONCELLOS DE BARRO, CUNTIS, MORAÑA E PORTAS

D/D^a.....
con D.N.I., con domicilio a efectos de notificacións na rúa....., nº, piso, letra
de, código postal
teléfono..... e con titulación académica:

MANIFESTA que, enterado/a do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos, con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

DECLARA ou PROMETE non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

SOLICITA : ser admitido/a para participar no proceso selectivo previsto ao efecto.

IMPRESINDIBLE ACOMPAÑAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- CURRÍCULO VÍTAE
- FOTOCOPIA ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS
- FOTOCOPIA DO D.N.I.
- FOTOCOPIA DO CARNET DE CONDUCIR
- VIDA LABORAL OU XUSTIFICANTE DE HABELA SOLICITADO E COPIA DOS CONTRATOS E/OU CERTIFICADOS DE EMPRESA

Cuntis, de de 201...

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

ANEXO II: MODELO DE INSTANCIA (B)

CONVOCATORIA DE PRBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIMEN LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA A TEMPO PARCIAL DE DÚAS MONITORAS/ES ESPECIALISTAS EN PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS PARA OS CONCELLOS DE BARRO, CUNTIS, MORAÑA E PORTAS

D/D^a.....
con D.N.I., con domicilio a efectos de notificacións na rúa....., nº, piso, letra
de, código postal
teléfono..... e con titulación académica:

MANIFESTA que, enterado/a do contido das Bases que rexen a convocatoria de referencia, cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos, con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

DECLARA ou PROMETE non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

SOLICITA : ser admitido/a para participar no proceso selectivo previsto ao efecto.

IMPRESINDIBLE ACOMPAÑAR XUNTO COA SOLICITUDE:

- CURRÍCULO VÍTAE
- FOTOCOPIA ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS
- FOTOCOPIA DO D.N.I.
- FOTOCOPIA DO CARNET DE CONDUCIR
- VIDA LABORAL OU XUSTIFICANTE DE HABELA SOLICITADO E COPIA DOS CONTRATOS E/OU CERTIFICADOS DE EMPRESA

Cuntis, de de 201...

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS



CONCELLO
DE
36670 CUNTIS
(PONTEVEDRA)

ANEXO III: ACLARACIÓNS EN RELACIÓ N CO O BXECTO DA CONVOCATORIA.

Como se indica nas bases, a presente convocatoria ten por obxecto a contratación de persoal especializado para executar "Proxecto de Prevención das Drogodependencias e Condutas Adictivas No Eido Local" para os Concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas. Tamén se especifica que está vinculado á subvención concedida pola Consellería de Sanidade para os anos 2013- 2014.

Nembargante, cabe aclarar que o proxecto ao que se fai referencia estaba deseñado para un período de execución de 6 meses: de outubro a decembro de 2013, e de xaneiro a marzo de 2014. Debido a que a citada subvención resolveuse o 12 de decembro de 2013 e foi comunicada aos concellos pola publicación no DOG nº 240 do 17 de decembro de 2013, é preciso facer unha modificación do Proxecto de actuación para adaptalo ao período de tempo dispoñible. En todo caso, a execución do mesmo debe estar rematada o 31 de marzo de 2014.